



PLAN DIXITAL

CEIP Mestre Rodríguez
Xixirei

Xuño 2023

ÍNDICE DO PLAN DIXITAL DO CENTRO

- 1. Introducción**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do Plan Dixital no Centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

- 2. Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- 3. Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- 4. Avaliación do Plan**

- 5. Difusión do Plan**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Mestre Rodríguez Xixirei é un colexio de Infantil e primaria que se atopa no concello de Santiago, un Lugar da Esquipa, número 22. É un centro de pequeno tamaño situado na contorna da cidade de Santiago de Compostela, preto do aeroporto de Lavacolla. Ten unha zona de influencia pequena (as parroquias de San Paio de Sabugueira, de Carballal e unha pequena parte da Enfesta), e coa poboación dispersa en casas unifamiliares. Moito alumnado do que nos ven é de San Marcos e de San Lázaro e zona de Bando, ampliación que foi concedida fai dous cursos. Este curso estamos recibindo un número importante de alumnado procedente do centro de Santiago e do concello de Ames. Está adscrito ao IES de Sar, situado no centro de Santiago.

- Este curso seguimos mantendo boa matrícula con cifras superiores as do ano pasado, aumentando o alumnado como ven ocorrendo nos últimos doce anos. Na actualidade contamos con 3 unidades de Infantil e 7 de Primaria, tendo escolarizados un total de 175 alumnos e alumnas, atendidos por un claustro de 20 docentes.
- Contamos con dous espazos de patio, e un Pavillón anexo. Temos tamén unha zona verde, lagoa, areeiro e horto recentemente aumentado.
- O centro conta cos servizos complementarios de comedor e transporte e as actividades lectivas desenvólvense en xornada continua.
- Datos do centro:
- ceip.mestre.rodriquez.xixirei@edu.xunta.gal
- 881866470
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrerodriquezxixirei/>
- Instagram: @ceip_mestre_rodriquez_xixirei
- Blog da biblioteca: <http://ceipmestrerodriquezxixirei.blogspot.com/>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Mestre Rodríguez Xixirei é un centro situado no Concello de Santiago, na zona de Santiago. O noso alumnado é na súa maioría do rural, tendo un aumento de matrícula considerable tamén do centro da cidade de Santiago. Amais, acude ao noso centro alumnado procedente do estranxeiro, debido á situación bélica, 8 alumnos e alumnas ucráinos.

- Plan Dixital do noso centro educativo insírese nas dinámicas de traballo do PEC e consecuentemente nas dinámicas diarias de aula. É obxectivo do centro traballar no futuro reforzando as TIC, co gallo de que o alumnado adquira unha boa competencia dixital. Isto estará presente na nova metodoloxía ABC: en liñas xerais, o que se pretende con esta metodoloxía é traballar ofrecendo actividades significativas nas que o alumnado é o protagonista da súa aprendizaxe. Para iso, distribúense as materias dentro de contextos, espazos horarios dedicados a unha temática. Dentro

destas horas de contextos, o alumnado rota entre os 4 recunchos, sendo un deles un recuncho TIC. Aquí, o alumnado ten sempre unha misión que realizar utilizando de formas moi diversas os recursos TIC á súa disposición. Isto estará presente na pertinente reforma do PEC, que se precisa dado este cambio metodolóxico.

- O PDC vai estar estreitamente vencellado ao resto de proxectos que se veñen desenvolvendo no centro: nomeadamente comparte obxectivos e dinámicas de traballo.
- Co PLAMBE: a recentemente reformada biblioteca dixitalizouse, e coa migración ao KOHA as TICs son imprescindibles.
- Co EDLG: a partir dos traballos a nivel de centro que realiza o EDLG, visualizándoos nas aulas (pantallas dixitais), e creando recursos en galego, como xogos, dinámicas, etc.
- Co proxecto E-Dixgal: tal e como se reflicte no Plan de Acción, cos que vai compartir obxectivos e propostas de traballo que implicarán a participación do alumnado e do profesorado.
- Voz Natura: a tecnoloxía está vencellada ao proceso de investigación do medio e da contorna, e a posterior difusión de conclusións e resultados do traballo que o alumnado realiza nos espazos verdes do centro.
- O PDC deberá estar encadrado dentro da PXA do curso 2023/2024. Con ela deberá compartir os obxectivos xerais e as liñas de traballo dos diferentes equipos de ciclo e departamentos didácticos e servirá de referencia á hora de programar as actividades e proxectos se definan desde o inicio de curso. Ademais, será imprescindible dentro da metodoloxía coa que traballaremos a partir deste curso escolar. Na mesma liña debe formar parte do proceso de desenvolvemento profesional continuo do profesorado xa que a súa correcta posta en práctica vai precisar dun proxecto de formación do profesorado que deberá ser tamén marco de traballo individual e do conxunto do claustro.
- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,....
- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 23/24.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE)**, pola que se modifica a **LOE 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, establece no seu **artigo 111 bis** o marco no que se desenvolverá o traballo coas Tecnoloxías da Información e a Comunicación no noso sistema educativo:

- Regula as condicións nas que se debe desenvolver a xestión dos datos académicos do alumnado de xeito que se cumpran os protocolos de protección de datos e se empreguen formatos que garantan a interoperabilidade entre os diferentes sistemas empregados no sistema educativo estatal.

- Regula a existencia dos contornos virtuais de aprendizaxe, as características destes e o seu emprego dentro da vida académica.
- Faise referencia á necesidade de que as diferentes administracións educativas promovan o emprego das tecnoloxías da información e a Comunicación como método axeitado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe procurando a eliminación de condutas de risco.
- Regula os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado de xeito que se facilite a implantación dunha cultura dixital nas aulas.

E remata declarando que as administracións educativas velarán polo acceso de todo o alumnado aos recursos dixitais precisos que garantan a igualdade de oportunidades entre todos os escolares.

No seu **artigo 121** no que se regula o Proxecto Educativo de Centro, incídese tamén na necesidade de que este recolla a estratexia dixital de cada centro de acordo co establecido no **artigo 111 bis 5**.

Xa no seu **artigo 132**, no marco das competencias das direccións dos centros, fálase de promover a innovación e a experimentación para acadar os obxectivos do PEC.

Na **resolución de 3 de setembro de 2021** establécense as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, así como definir os principios, obxectivos e referentes que o deben guiar.

Defínense o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determínanse os recursos que se van empregar neste proceso.

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do presente PDC tivo como base a **Resolución de 3 de setembro de 2021** tanto no seu esquema como na súa temporalización.

Iniciouse o proceso coa solicitude dun PFPP no que se inscribiron varios membros do claustro e se nomeou unha persoa coordinadora. Este grupo comezou o seu traballo facendo unha busca de documentación que servira como marco de referencia.

Con posterioridade, unha vez creada a Rede Galega de Educación Dixital, iniciouse o proceso de elaboración seguindo en todo momento as directrices marcadas desde a administración educativa (distintas reunións co coordinador ADIX da Consellería de Educación).

No mes de novembro todo o equipo directivo, o profesorado do centro e máis o alumnado de 5º e 6º fixeron o test SELFIE para coñecer a situación das TIC dentro da dinámica do centro. No mes de febreiro o profesorado realizou o test de CDD cuxos resultados se engaden tamén no presente documento.

A seguinte fase da diagnose consistiu nunha análise DAFO na que se detectaron as debilidades, fortalezas, oportunidades e ameazas para a partir de aí elaborar unha estratexia. A realización da análise DAFO foi un proceso de debate dentro do equipo do PDC no que cada membro aportou ás súas opinións logo do resultado dos test realizados.

Remata a fase de diagnose chegou o momento de elaborar un Plan de Acción que servira para corrixir debilidades e afrontar ameazas aproveitando as fortalezas e as oportunidades. Fíxose preciso neste punto abrir o grupo á participación de todo o claustro para acadar un consenso en canto ás accións que se deberían realizar.

Unha vez aprobado e consensuado o PA, non nos quedaba nada máis que a redacción final e a difusión do presente documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta cunha infraestrutura dixital que se foi actualizando ao longo dos anos. O resultado de todos estes procesos é que todas as aulas do centro contan con cableado de datos. Están tamén cableadas as dependencias administrativas, a sala de mestres, departamento de orientación, biblioteca, aula de AL e aula de PT. A velocidade da conexión é axeitada para o traballo diario co alumnado. Porén, falla con certa frecuencia.

No CEIP Mestre Rodríguez Xixirei contamos con:

- 9 aulas ordinarias dixitalizadas con conectividade e posibilidade de visualización e interacción.
- Aulas de PT, AL, sala de profesorado, administración, aula de música e aula de relixión, departamento de Orientación e biblioteca, tamén dixitalizadas.
- Proxecto de educación dixital E-Dixgal en 5º e 6º de EP.
- Postos de traballo e xestión e administración do centro: 3.
- Uso na biblioteca: xestión de catálogo de libros, consulta, etc. 3 equipos.
- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos: 7.
- Equipos ultraportátiles para aula móbil: 39.
- Equipos específicos para proxectos de centro: cámaras Ipevo 4K, 4. Uso para matemáticas OAOA e futura reforma metodolóxica.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

O nivel de participación no SELFIE, realizado entre os días 29 de novembro e 19 de decembro de 2021 foi axeitado, destacando un 95% de participación do alumnado o que destacamos de maneira moi positiva xa que eles e elas deben ser os e as protagonistas das accións que imos realizar. A modo de resumo incluiremos a seguinte táboa cun resumo das puntuacións obtidas en cada unha das oito áreas.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	3.2				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.8				
	Profesorado	4.6				
	Alumnado	4.1				
D- Desenvolvemento	Equipo Direct.	4				

profesional continuo	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	3.9				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	3.7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	3.9				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	11	54%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	2	4	50%
DESPPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
62,8	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	44,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a B1
PRIM	64,4	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	8,3%
A2	8	66,7%
B1	1	8,3
B2	2	16,7
C1		
C2		
TOTAL	12	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2 No centro hai dispositivos dixitais para o ensino.	C16 No centro non hai repositorios de contidos dixitais en liña.
	PERSOAL DOCENTE	E1 O profesorado emprega recursos dixitais en liña. E4 A comunicación coa comunidade educativa faise empregando a tecnoloxía.F3 Emprégase a tecnoloxía para fomentar a creatividade do alumnado. F1 a tecnoloxía adáptase ás necesidades do alumnado.	B3. No se empregan as tecnoloxías dixitais para colaborar con outros centros.E3. Nivel baixo de emprego de entornos virtuais de aprendizaxe. F6. Unha parte importante do profesorado e máis o ED consideran que non se empregan as TIC para proxectos interdisciplinares.F5 realízanse poucas actividades que fomenten a colaboración entre o alumnado.G1. Emprégase pouco a tecnoloxía para avaliar as capacidades do alumnado.G5.Non se empregan as tecnoloxías para facer unha reflexión sobre o propio traballo.G6. Non se empregan as tecnoloxías para fomentar os comentarios entre iguais sobre os traballos.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	O alumnado aprende a comunicarse empregando a tecnoloxía.	H7 Elaboración de recursos dixitais por parte d alumnado.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		A1.O centro non ten unha estratexia dixital. C16 No centro non hai repositorios de contidos dixitais en liña.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A posibilidade de que a administración dote ao centro de materiais para empregar na aula.	A4 Falta de tempo do profesorado par explorar novos recursos baseados na tecnoloxía. D1 As modalidades de formación non se adaptan ás necesidades do profesorado.
	LEXISLACIÓN	A propia elaboración do PDC	
	CONTORNA	Boa competencia dixital das familias e do alumnado.	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": E - Pedagogía: Apoio e recursos						
1.	OBXECTIVO:	OPDC1: Fomentar o emprego da Aula Virtual /E-Dixgal no proceso educativo.				
	RESPONSABLE:	Equipo directivo e Coordinador PDC				
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número da aulas que empregan de xeito habitual a Aula Virtual/E-Dixgal				
	Valor de partida	30% de aulas que empregan a Aula Virtual/E-Dixgal co alumnado.				
	Valor previsto e data	60% de aulas empregan a Aula Virtual/E-Dixgal co alumnado.			Xuño de 2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación dos cursos e matriculación do profesorado e alumnado na AV/E-Dixgal	Equipo directivo, Coordinador PDC e Equipo TIC	Outubro 2023	Aula Virtual / E-Dixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Axuda do profesorado con máis habilidade no manexo da AV/E-Dixgal ao resto de compañeiros/as de ciclo. Tutoría entre iguais.	Coordinador/a TIC	Primeiro trimestre do curso 23/24	Aula Virtual / E-Dixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Subida de recursos e tarefas ás aulas virtuais de cada grupo	Profesorado	Segundo trimestre do curso 23/24	Aula Virtual / E-Dixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Propoñer e realizar actividades co alumnado en cada curso da AV/E-Dixgal	Profesorado	Segundo e terceiro trimestre do curso 23/24	Aula Virtual / E-Dixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E- Pedagogía: Apoio e Recursos							
2. OBXECTIVO:	OPDC2: Actualizar a páxina web do centro como espazo de encontro e difusión.				Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo, Coordinador PDC e Equipo TIC				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de entradas trimestralmente						
Valor de partida	Dez entradas ao trimestre por equipo						
Valor previsto e data	Dez entradas ao trimestre por equipo				Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Cambiar plantilla web, para máis visibilidade e creación dunha estrutura de contidos operativa	Equipo directivo e coordinador PDC	Outubro 2023	Web do centro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Crear perfís de usuario que inclúan os coordinadores de ciclo, equipos de dinamización e equipo directivo	Equipo directivo, coordinador PDC	Primeiro trimestre do curso 23/24	Web do centro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Formación nos conceptos básicos para publicar contidos de texto e imaxe	Profesorado	Primeiro trimestre do curso 23/24	Web do centro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.4: Dinamización de contidos e entradas	Profesorado	Terceiro trimestre do curso 23/24	Web do centro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora": C - Infraestruturas e Equipos						
3.	OBXECTIVO:	OPDC3: Promocionar a formación básica no programa de polos creativos.			Acadado	
	RESPONSABLE:	Coordinadora do PFPP, asesora do CAFI, Equipo directivo e coordinador do PDC.			Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O profesorado que asista a formación.				
	Valor de partida	30%				
	Valor previsto e data	60%	Xuño 2024			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Realización da formación de polos creativos	Coordinadora do PFPP, Equipo directivo e coordinador do PDC	Outubro 2023	Rede de Polos creativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación dunha liña en PFPP de polos creativos	Coordinadora do PFPP, Equipo directivo e coordinador do PDC	Xuño de 2024	Creación dun Proxecto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Dentro das necesidades de equipamento e infraestruturas, precísase:

- 2 equipos portátiles por aula: para levar a cabo a metodoloxía ABC é preciso garantir o acceso do alumnado da aula, de forma autónoma, para o recuncho das TIC.
- 3 equipos portátiles para a Biblioteca: é preciso substituír os equipos existentes, para a busca de catálogo e documental.
- Cámaras Ipevo 4K: completar os equipos para ter un por aula no centro, para o desenvolvemento das matemáticas OAOA.
- Formación para o profesorado: en relación aos servizos dixitais, para ofrecer o contido máis atractivo, accesible para os usuarios, e diversificar os recursos.
- Formación para familias: en relación aos servizos dixitais, para que atopen con facilidade os contidos e sexan capaces de manipular as ferramentas administrativas que lles competen (proceso de matrícula, xestións...).
- Formación sobre aula virtual/Edixgal: para unha comunicación fluída familia-escola, para compartir material pertinente, datas de interese,... Tamén para poder deseñar material propio dentro da aula e ofrecelo ao alumnado.

4. Avaliación do plan

O PDC que presentamos ten vocación de ser un elemento dinámico que acompañe a vida do centro e que sirva como referencia dos diferentes proxectos e procesos que se van desenvolver no próximo curso. O equipo de dinamización do plan dixital será o encargado de levar a cabo os procesos de avaliación, tendo sempre en conta as aportacións dos diferentes ciclos e do profesorado tomado de xeito individual. O equipo de dinamización do PDC reunirse con carácter xeral unha vez ao trimestre para facer un seguimento do proceso de implementación do plan.

A avaliación procesual toma como referencia as datas recollidas no Plan de Acción recollido no apartado 3.1. E farase de acordo ca seguinte temporalización:

TRIMESTRE	ACCIÓN	DATA
Primeiro	AO1.1	Outubro
	AO1.2	Final do 1º trimestre
	AO2.1	Outubro
	AO2.2	Final do 1º trimestre
	AO2.3	Final do 1º trimestre
	AO3.1	Final do 1º trimestre
Segundo e Terceiro	AO1.3	Final do 2º trimestre
	AO1.4	Final do 2º e 3º trimestre
	AO2.4	Final do 3º trimestre
	AO3.2	Final do 3º trimestre

Ao remate de curso, farase unha avaliación final na que se terán en conta a valoración dos logros dos obxectivos ao longo de todo o curso e se se levaron a cabo as accións requiridas para, no seu caso, realizar as propostas de mellora en aspectos que non funcionaron axeitadamente.

5. Difusión do plan

O presente Plan dixital, unha vez aprobado polo claustro e consello escolar, difundirase a través da Web do centro o mesmo que os demais documentos oficiais, para coñecemento de toda a comunidade educativa.